


MISA CON NENOS

18 de marzo de 2018 - Coresma 5º-B

Evanxeo de Xoán 12, 20-33:

“Se o gran de trigo cae en terra e morre, dá moito froito”.

CUARESMA: caminando hacia la Pascua




**40 días CAMIÑANDO: NO SEMENTADO.
Déixate SEMENTAR e darás FROITO.**

1. ACOGIDA

Irmáns e irmás:

Estamos xa no domingo último de Coresma preto xa de Ramos. Seguimos camiñando cara á pascua. Hoxe detémonos nunha seara chea de espigas de trigo. Neste último domingo, o 5º de Coresma, o Evanxeo fálanos de que Xesús se aproxima a Xerusalén e sente, e sabe, que está próxima a súa morte na Cruz. O seu corazón desbórdase e saen fóra os seus sentimentos: “Se o gran de trigo non cae en terra e morre, queda infecundo; pero si morre, dá moito froito”. Con estas palabras, Xesús está anunciando a súa morte próxima e o froito dela: a nosa salvación. E invítanos a ser como o gran que se entrega e se afana polos demais. É o que fixo el na cruz.



(Poderíanse colocar no presbiterio unha maceta de espigas de trigo, ou un tarro con grans. E xunto ao presbiterio un panel onde cada neno cravará nalgún momento o seu corazón vermello de papel co seu nome dicindo a coñecida oración: “Por iso quéroste tanto que che dou o meu corazón, tómao, teu é, meu non”. Logo, ao final da misa, descrávanos, cada un colle o seu e intercámbiao co outro dicindo: “Xesús quere que o noso agarimo tamén o repartamos cos demais”).

- *(Sacerdote)* No nome... A graza e a paz do noso Señor Xesucristo, que se entrega por nós ata dar a vida e chámanos á conversión, sexa con todos vós.

2. PERDÓN

(Sacerdote) Ante a Cruz que preside a nosa celebración, onde Cristo segue crucificado polos pecados dos homes, arrepenémonos dos nosos pecados.

- *(Pai-nai)* -Polas nosas comodidades e polas nosas faltas de xenerosidade que te seguen cravando na Cruz. **Señor, ten piedade de nós.**

- (Catequista) -Pola nosa insolidariedade e polas nosas discriminacións, que te seguen cravando na Cruz. ***Cristo, ten piedade de nós.***
- (Neno-nena) -Polo noso conformismo e polas nosas covardías que te seguen cravando na Cruz. ***Señor, ten piedade de nós.***

3. LECTURAS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

O libro de Xeremías recórdanos que o Señor vai realizar unha nova alianza co seu pobo gravando as súas palabras nos corazóns. A carta aos Hebreos tráenos á memoria que Xesús, sufrindo na cruz, logrounos a salvación. O evanxeo anuncia explicitamente a súa morte na cruz ensinándonos o camiño do cristián, un camiño de servizo, de entrega, de salvación a través da cruz.

• **Xeremías 31, 31-34: Farei unha alianza nova e non recordarei os pecados.**

Xa chegan días -oráculo do Señor- en que farei coa casa de Israel e a casa de Xudá unha alianza nova. Non será unha alianza como a que fixen cos seus pais, cando os tomei da man para sacalos de Exipto, pois quebrantaron a miña alianza, aínda que eu era o seu Señor -oráculo do Señor-. Esta será a alianza que farei con eles logo daqueles días -oráculo do Señor-: Poñerei a miña lei no seu interior e escribireina nos seus corazóns; eu serei o seu Deus e eles serán o meu pobo. Xa non terán que ensinarse uns a outros dicindo: «Coñecede o Señor», pois todos me coñecerán, desde o máis pequeno ao maior -oráculo do Señor-, cando perdoe a súa culpa e non recorde xa os seus pecados.

Palabra do Señor.

• **Salmo 50: R/-**

Oh, Deus, crea en min un corazón puro.

- **Hebreos 5,7-9: *Aprendeu a obedecer; e converteuse en autor de salvación eterna.***
- **Xoán 12, 20-33: *SE o gran de trigo cae en terra e morre, dá moito froito.***

Narrador: Naquel tempo, entre os que viñeran celebrar a festa había algúns gregos; estes, achegándose a Filipe, o de Betsaida de Galilea, rogábanlle:

Gregos: -«*Señor, queremos ver a Xesús*».

Narrador: Filipe foi dicirllo a Andrés; e Andrés e Filipe foron dicirllo a Xesús. Xesús contestoulles:

Xesús: -«*Chegou a hora de que sexa glorificado o Fillo do home. Évos ben certo: se o gran de trigo non cae na terra e morre, queda infecundo; **pero se morre, dá moito froito.** O que se ama a si mesmo, pérdese, e o que se aborrece a si mesmo neste mundo, gardarase para a vida eterna. **O que queira servirme, que me siga,** e onde estea eu, alí tamén estará o meu servidor; a quen me sirva, o Pai honrarao. Agora a miña alma está axitada, e que direi? Pai, líbrame desta hora? Pero se por isto vin, para esta hora: Pai, glorifica o teu nome*»

Narrador: Entón veu unha voz do ceo:

Voz: -«*Glorifíqueino e volverei glorificalo*».

Narrador: A xente que estaba alí e oír, dicía que fora un trono; outros dicían que lle falou un anxo. Xesús tomou a palabra e dixo:

Xesús: -«*Esta voz non veu por min, senón por vós. Agora vai ser xulgado o mundo; agora o príncipe deste mundo vai ser botado fóra. E cando eu sexa elevado sobre a terra, atraerei a todos cara a min*». Isto dicíao dando a entender a morte de que ía morrer.

Palabra do Señor.

(Narrador-Gregos-Xesús-Voz)

4. PETICIÓN

Porque confiamos no amor misericordioso do Pai, dicímoslle:

R.-Convértenos a ti, Señor

- 1.- Para que o Espírito renove a súa Igrexa. **Oremos.**
- 2.- Para que non malgastemos a vida, vivindo só para nós mesmos. **Oremos.**
- 3.- Para que sementemos alegría, esperanza e entrega. **Oremos.**
- 4.- Para que levemos os golpes da vida con esperanza. **Oremos.**
- 5.- Para que nas probas nos sintamos acompañados por Xesús. **Oremos.**
- 6.- Para que esteamos á beira dos que sofren e dos enfermos. **Oremos.**
- 7.- Para que vivamos a Semana Santa participando nos oficios en familia e preto de Xesús. **Oremos.**
- 8.- Para que levemos a Xesús os que se nos acheguen co desexo de velo e que o sigan. **Oremos.**

Axúdanos, Señor, a morrer a nós mesmos para producir os froitos abundantes de amor.

5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS



-GRANS DE TRIGO:

Ofrecémosche Señor, estes grans de trigo. Pedímosche que igual que eles van morrer para dar froitos, nós, tamén deamos froitos de boas obras, de servizo, de xenerosidade, como Xesús.

-CRUZ SEN CRISTO:

Tamén ofrecemos esta cruz, nela morreu Xesús por nós para quitarnos as barreiras que nos atan e facernos libres, con ela queremos ofrecer o noso compromiso de seguilo.

- PAN E VIÑO:

E ofrecémosche tamén este pan e viño, con eles ti regálasnos a salvación, obra do teu amor entregado por nós.

6. SUXESTIÓN:

-Tal como indica Fano nos seus debuxos para a Coresma 2018, pódese facer un cartel grande que se vai coloreando todas as semanas, neste caso a 5ª e engádenselle bocadillos (ver debuxo de arriba de todo á esquerda):

<https://www.diocesismalaga.es/pagina-de-inicio/2014048647/dibujos-de-fano-para-la-Coresma-2018/>

-Seguimos cantando con xestos a canción Corenta días camiñando do Grupo Ixcis:

<https://www.youtube.com/watch?v=WiSWRZkem5Q>

-Enviade aos vosos compañeiros por whatsapp o debuxo do lado.



-Poderíase colocar no presbiterio o cirio pascual aceso -Cristo resucitado- rodeado de velas apagadas e esta frase: *“En Coresma abandona a escuridade do mal e prende a mecha na luz de Xesús”*.

-Poderíase colocar no presbiterio unha maceta de espigas de trigo, ou un tarro con grans. E xunto ao presbiterio un panel onde cada neno cravará nalgún momento o seu corazón vermello de papel co seu nome dicindo a coñecida oración: “Por iso quérote tanto que che dou o meu corazón, tómao, teu é, meu non”. Logo, ao final da misa, os descravan, cada un colle o seu e intercámbiao coa outro dicindo: “Xesús quere que o noso agarimo tamén o repartamos cos demais”.

-Tamén se poderían colocar grans de trigo, lentellas ou sementes de flores nun pouco de terra ou de algodón nun lugar que lle dea o sol ou teñan calor. Rega un pouco. Despois seméntaos, segue regándoos e cando comecen a agromar recorda o que Xesús dicía antes da súa morte.

-Preparade algo para o día do pai: postal, oración, poesía. Mellor feito que mercado.

-Visitar o seminario



ORACIÓN

Señor Xesucristo, o Pai envioute ao mundo para que trouxeses misericordia, e paz á humanidade que andaba en tebras, perdida e sen pastor.

E resucitado, enviaches os teus apóstolos ao mundo para que participasen da túa mesma misión de levar vida, salvación e amor a todos os pobos do mundo.

Continúa chamando e enviando evanxelizadores con Espírito, que anuncien a boa nova do Evanxeo, non só con palabras, senón sobre todo cunha vida transfigurada polo teu amor.

Necesitamos apóstolos para que os mozos sexan o rostro da misericordia do Pai, e que acompañen e sirvan humildemente o seu pobo.

Fai que sexan moitos os que con xenerosidade, acollan o don da vocación presbiteral, que se deixen formar nos seminarios e de forma permanente durante toda a súa vida, para ser bos discípulos teus, configurados totalmente a Ti, Servo, Sacerdote e Pastor, que manteñan vivo e ardente o celo pastoral, co lume do Espírito Santo, e saian a buscar os que tanto necesitan de Ti, e así te poidan encontrar e ser plenamente felices.
Amén.

RED CATEQUISTAS GALICIA